

**CONTIDOS**

1.ª AVALIACIÓN Tema 0. Resolución de problemas. Tema 7: LÍMITES DE FUNCIONES E CONTINUIDADE. Tema 8: DERIVADA DUNHA FUNCIÓN. Tema 9: APLICACIONES DAS DERIVADAS. Tema 11: CÁLCULO DE PRIMITIVAS	2.ª AVALIACIÓN Tema 0. Resolución de problemas. Tema 12: A INTEGRAL DEFINIDA Tema 1: ÁLXEBRA DE MATRICES Tema 2: DETERMINANTES. Tema 3: SISTEMAS DE ECUACIONES LINEAIS Tema 4: VECTORES NO ESPAZO.	3.ª AVALIACIÓN Tema 0. Resolución de problemas. Tema 5: PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO ESPAZO. Tema 6: PROBLEMAS MÉTRICOS Tema 13: AZAR E PROBABILIDADE. Tema 14: DISTRIBUCIONES DE PROBABILIDADE BINOMIAL E NORMAL
---	---	---

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación

Probas escritas	80% (30% controis e 50% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%

O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Cifras e Letras, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser menor ou igual que 10.

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ª avaliación: 25 %**, **2ª avaliación: 35 %**, **3ª avaliación: 40 %**. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, si a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: NON

Lecturas Recomendadas:

La medición del mundo Autor: Daniel Kehlmann ISBN: 9788496231979 Editorial: Maeva Hora de Ler: Non Páxinas: 224	El curioso incidente del perro a medianoche Autor: Mark Haddon ISBN: 9788478889105 Editorial: Salamandra Páxinas: 272	El contador de arena Autor: Gillian Bradshaw ISBN: 9788498380323 Editorial: Salamandra Páxinas: 384
---	--	--

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Cifras e Letras, Olimpiada de Matemáticas (Bacharelato), Open Matemático, actividades Pi Day, etc. .